

# XIII CONGRESO

*Internacional da rede científica para o estudo dos fascismos, autoritarismos, totalitarismos e transicións á democracia (REFAT)*



## *Comunicación social e opinión pública nas ditaduras: Narrativa, idearios e representacións*

**16-18 de outubro**  
Facultade de Ciencias  
Sociais e da Comunicación  
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

Investigación en Propaganda,  
Cultura e Técnicas  
de Comunicación

Facultade de  
Ciencias Sociais e  
da Comunicación

Vicerreitoría  
do Campus  
de Pontevedra

Vicerreitoría de  
Comunicacións e  
Relacións Institucionais

Patrocinadores



Parceiros



# XII CONGRESO

Internacional da rede científica para o estudo dos fascismos, autoritarismos, totalitarismos e transicións á democracia (REFAT)



## Comunicación social e opinión pública nas ditaduras: Narrativa, idearios e representacións

16-18 de outubro  
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

### Programa

#### Mércores, 16 de outubro

9.00 h Recepción dos participantes

9.15 h Inauguración institucional

- D. Ernesto Pedrosa Silva  
Presidente do Consello Social da UVigo

- Dr. Jorge Soto Carballo  
Vicerreitor do Campus de Pontevedra

- Dr. Xosé Baamonde Silva  
Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

- Dr. Alberto Pena Rodríguez  
Profesor Titular de Historia da Propaganda

9.45 h Conferencia inaugural

*La propaganda alimentare del fascismo dalla crisi degli anni Trenta alla guerra mondiale*

Dr. Alberto De Bernardi, Università di Bologna

10.15 h Primeira Sesión: *Narrativas autoritarias: estratexias, medios e mensaxes*

- Modera: Dr. Xosé Baamonde, Universidade de Vigo

*La fácil penetración de la propaganda de las derechas: de los fascismos de entreguerras a los ultras de hoy como Vox*

- Dr. Alejandro Pizarroso Quintero, Universidad Complutense de Madrid

*O poder da mentira e a guerra contra a verdade: a invención da realidade na Alemaña nazista e seus ecos nas redes sociais*

- Dr. Marcos Guterman, Faculdade Cásper Líbero de São Paulo

*La dictadura militar chilena y sus disímiles resultados propagandísticos. Del triunfo del credo neoliberal al fracaso político (1973-1990)*

- Dr. Pablo Sapag, Universidad Complutense de Madrid

11.30 h Pausa - café

12.00 h Segunda sesión: *A retórica do poder na prensa: idearios e representacións*

- Modera: Victoria Martins Rodríguez, UCM

*Intelectuais e imprensa no Brasil de Vargas: ideias e representações de um Novo Estado Autoritário*

- Dr. Luciano Aronne de Abreu, Pontifícia Universidade Católica-Rio Grande do Sul

*António de Oliveira Salazar, Ministro das Finanças: a "boa" imprensa na construção do mito*

- Dr. António Rafael Amaro, CEIS20/Universidade de Coimbra e FEUC

*Diversidade e Identidade na Imprensa Portuguesa nos Primórdios do Salazarismo (1928-1933)*

- Dr. Fernando Martins, Universidade de Évora e CIDEHUS/UE

*A construção da verdade autoritária: discurso e imprensa no Estado Novo no Brasil (1937-1945)*

- Dra. Maria das Graças Andrade Ataíde de Almeida, Universidade Federal Rural de Pernambuco

13.45 h Pausa - xantar, no comedor da Facultade

15.00 h Terceira sesión: *Propaganda, política social e cultura de masas*

- Modera: Dra. Paula Borges Santos, UNL

*El fascismo cotidiano. La familia como pilar para la inserción social forzada en el primer franquismo*

Mirta Núñez Díaz-Balart, Universidad Complutense de Madrid

*Cinema, propaganda e cultura di massa nell'Italia fascista*

- Matteo Pasetti, Università di Bologna

*Istituzione psichiatrica e propaganda di regime tra ideale profilattico e tutela eugenetica del corpo sociale*

- Elena Bignami, Università di Bologna

*Propaganda política e pubblicità commerciale: opposizioni e sovrapposizioni*

Alessio Gagliardi, Università di Bologna

16.50 h Cuarta sesión: *Representacións da historia e da memoria*

- Modera: Dr. Emilio Grandío Seoane, USC

*A memória versus a história: o caso dos Sette Fratelli*

- Dra. Denise Rollemberg, Universidade Federal Fluminense

*Dos silêncios e das narrativas do passado recente aos impactos na atual política brasileira*

- Dr. Gilvan Veiga Dockhorn, Universidade Federal de Santa Maria e CEIS20/UC

*Holocausto, Julgamento de Nuremberg e jornais: Portugal, 1945/1946*

- Dr. João Paulo Avelãs Nunes, DHEEAA/FLUC e CEIS20/Universidade de Coimbra

18.30 h Fin das sesións da xornada

20.00 h Recepción institucional na Casa das Campás, sede da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Rúa Don Filiberto 9), por parte do Sr. vicerreitor do Campus, Dr. Jorge Soto

Presentación do proxecto de investigación Predappio: *la sfida della storia e della conoscenza. Un progetto di Centro di Documentazione e Ricerca sulla Storia del Fascismo*. Dr. Alberto De Bernardi

- Dr. Jorge Pais de Sousa, *In Memoriam. Palabras de lembranza e homenaxe*. Dr. Fernando Pimenta

#### Xoves, 17 de outubro

09.30 h Quinta sesión: *Opinión pública, autoritarismos e movemento católico*

- Modera: Matteo Pasetti, Università di Bologna

*¿CEDA... populista? Catolicismo social y 'masas' durante la Segunda República*

- Dr. Emilio Grandío Seoane, Universidade de Santiago de Compostela

*A opinião pública católica e os momentos constituintes do Estado Novo (1932-1971)*

- Dra. Paula Borges Santos, IHC/FCSH/Universidade Nova de Lisboa

*Il quarto e il quinto potere di Pio XII. Il Vaticano e i media tra fascismo e democrazia (1945-1958)*

- Dr. Daniele Serapiglia, IHC/FCSH/Universidade Nova de Lisboa

11.00 h Pausa - café

11.30 h Sexta sesión: *Censura, represión e oposición nas ditaduras*

- Modera: Dr. David Formoso, Universidade de Vigo

*O teatro histórico como meio de difusão na opinião pública da oposição ao Estado Novo*

- Dr. Luís Reis Torgal, DHEEAA/FLUC e CEIS20/Universidade de Coimbra

*O Estado Novo e o controlo (titubeante) da imprensa colonial em Moçambique. Os períodos eleitorais, a propaganda política e a oposição ao salazarismo (1945-1958)*

- Dr. Fernando Tavares Pimenta, CEIS20/Universidade de Coimbra

*Represión da lingua e cultura galegas: Do franquismo á actualidade*

- Dr. Xosé Baamonde e Matías Rodríguez da Torre, Universidade de Vigo

13.30 h Pausa - xantar, no comedor da Facultade

15.00 h Séptima sesión: *Perspectivas transnacionais da propaganda política*

- Modera: Dra. Maria Berenice Machado, UFRS

*Marcelo Caetano no (Jornal do) Brasil: repercussões da direita portuguesa na Ditadura Militar (1968-1974)*

- Dr. Francisco Carlos Palomanes Martinho, Universidade de São Paulo

*Il fascismo e la stampa per gli italiani all'estero. Propaganda e costruzione del consenso tra gli emigrati italiani*

- Dr. Pietro Pinna, Università di Bologna

*Clamar no exílio. João Camoões e a propaganda antifascista nos Estados Unidos no tempo da Guerra Civil española*

- Dr. Alberto Pena Rodríguez, Universidade de Vigo e CEIS20/Universidade de Coimbra

Universidade de Vigo

### Presentación e obxectivos

De acordo coa decisión adoptada pola asemblea da REFAT, celebrada o 12 de abril de 2018 na Universidade de Bolonia, a idea deste XII congreso internacional é abordar o fenómeno da comunicación social atendendo ás interaccións da opinión pública cos diferentes actores políticos en contextos autoritarios ou de transicións desde rexímenes ditatoriais a modelos democráticos. Nesta nova edición do congreso científico da REFAT debatirase sobre a relevancia fundamental que ten a comunicación política na configuración da esfera pública, tanto dende a perspectiva dos diferentes formatos das mensaxes e representacións simbólicas de carácter ideolóxico, como dos emisores e dos medios por eles utilizados ca intención de persuadir ós receptores para a instauración e consolidación de sistemas políticos autoritarios ou totalitarios que basean a súa lexitimación pública no uso da propaganda de masas ou a desinformación.

A REFAT intentará profundizar no estudo do complexo fenómeno da comunicación social e do control mediático como instrumentos esenciais de gobernos ou movementos políticos que se serven, entre outros mecanismos, da violencia simbólica ou retórica para manipular e dominar os espazos de debate público para xerar consensos masivos. Con outro enfoque, este tema xa foi abordado pola rede a través de dúas aproximacións académicas anteriores nos seus seminarios Estados autoritarios e totalitarios e suas representacións (celebrado na Universidade de Coimbra en 2007, con actas editadas por Luis Reis Torgal e Heloisa Paulo na Imprensa da Universidade de Coimbra, 2008, ISBN: 978-989-8074-53-9) e A cultura do poder. A propaganda nos Estados autoritarios (celebrado na Illa de San Simón, ría de Vigo, en 2013, con edición a cargo de Alberto Pena Rodríguez e Heloisa Paulo na IUC, 2016, ISBN: 978-98926-1063-4).

Mediante diferentes abordaxes metodolóxicas e empíricas, dende escenarios de reflexión teórica ou temática comparada sobre os múltiples aspectos do obxecto de estudo, os ponentes analizarán o rol fundamental dos medios de comunicación de masas e as estratexias de comunicación nas ditaduras. De forma particular, o congreso estudiará os fenómenos políticos asociados á aparición e desenvolvemento do fascismo en Italia, o franquismo en España, o salazarismo en Portugal e o varguismo en Brasil, tendo en conta tamén os posibles reflexos ou semellanzas que poidan ter nas nosas sociedades contemporáneas a través doutras formas de acción política de carácter autoritario.

### Comités

#### Organizador

- Alberto Pena Rodríguez (director), Universidade de Vigo/CEIS20

- Xosé Manuel Baamonde Silva, Universidade de Vigo

- Mónica Valderrama Santomé, Universidade de Vigo

- Maria Victoria Martins Rodríguez, Universidad Complutense de Madrid

- David Formoso Vázquez, Universidade de Vigo

#### Científico

- Alberto De Bernardi, Università di Bologna

- Luis Reis Torgal, CEIS20/Universidade de Coimbra

- Alberto Pena Rodríguez, Universidade de Vigo/CEIS20

- Matteo Pasetti, Università di Bologna

- João Paulo Avelãs Nunes, CEIS20/Universidade de Coimbra

- Paula Borges Santos, Universidade Nova de Lisboa

- Emilio Grandío Seoane, Universidade de Santiago de Compostela

- Carme Molinero Ruiz, Universitat Autònoma de Barcelona

- Alejandro Pizarroso Quintero, Universidad Complutense de Madrid

- Mirta Núñez Díaz-Balart, Universidad Complutense de Madrid

- Xosé Manoel Núñez Seixas, Universidade de Santiago de Compostela

- Luciano Aronne de Abreu, Pontifícia Universidade Católica de Rio Grande do Sul

- Francisco Carlos Palomanes Martinho, Universidade de São Paulo

- Maria Berenice Machado, Universidade Federal de Rio Grande do Sul

#### Secretaría técnica

- Alba Moledo Ucha, Universidad Complutense de Madrid

### Inscripción e matrícula

A inscrición, libre e gratuíta, poderase formalizar ata o 12 de outubro de 2019 enviando un correo electrónico, no que se indique nome e apelidos e enderezo de contacto, a [alberto@uvigo.es](mailto:alberto@uvigo.es). O rexistro dará dereito a un certificado de asistencia a quen asista alomenos ó 75% das sesións. As prazas son limitadas ata completar o aforo, con admisión por rigorosa orde de inscrición.